

GRUPO DE TRABAJO: "O PROCESO LECTOESCRITOR II"

Centro de formación e recursos de Ferrol

Curso 2014/2015

VANESA BOUZAS SAAVEDRA

M^o CARMEN CARUNCHO PRADO

SONIA M^a FERNÁNDEZ REGO(Coord.)

VERÓNICA LÓPEZ GOLPE

MARÍA PONTE PITA

VERÓNICA RAMOS BASOA

INDICE

1. Introducción

- 1.1. Análise do contexto no que se desenvolveu o proxecto
- 1.2. Xustificación da necesidade do proxecto na vida dos centros

2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial.

3. Consecución dos obxectivos:

- 3.1. Obxectivos propostos
- 3.2. Obxectivos acadados ao final do proceso.
- 3.3. Obxectivos non acadados ao final do proceso e causas que motivaron este feito.

4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.

5. Criterios e procesos de avaliación empregados.

6. Logros e incidencia na práctica educativa.

- a. Finalidade conseguida.
- b. Incidencia do proxecto na actividade do centro ou da aula durante o seu desenvolvemento.

7. Bibliografía.

8. Anexos.

1. Introducción

1.1 Análise do contexto no que se desenvolveu o proxecto.

Os centros nos que se desenvolveu este proxecto son:

- **C.E.I.P. A Solaina**
- **C.E.I.P. Ponte de Xuvia**
- **C.E.I.P. Castellana (Aranga)**

Os alumnos e alumnas están escolarizados en diferentes grupos da etapa de Educación Infantil . Están distribuídos da seguinte maneira:

- 50 nenos e nenas de 3 anos do C.E.I.P. A Solaina.
- 25 nenos e nenas de 4 anos do C.E.I.P. A Solaina.
- 26 nenos e nenas de 5 anos do C.E.I.P. Ponte de Xuvia.
- 10 nenos e nenas de 3 anos do C.E.I.P. Castellana

A maioría dos centros pertencen a un entorno urbano, aínda que algún é do rural. As familias do noso alumnado pertencen á clase media ou media-baixa. As profesións son variadas, moitos pertencen ao sector terciario (empregados do Naval) ao sector servizos e tamén ao pequeno comercio. Na situación social e económica actual temos que destacar tamén a incidencia do desemprego na comarca de Ferrolterra en xeral.

Oferta educativa dos centros:

- **C.E.I.P. A Solaina:**
 - _7 unidades de Educación Infantil e 13 unidades de Educación Primaria.
 - PT, AL, Orientador.
 - Coidadores

- Proxecto de fomento do galego.
- Proxecto de Innovación de Normalización Lingüística.
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)
- **C.E.I.P. Ponte de Xuvia:**
 - 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.
 - PT a tempo completo, AL e Orientador compartidos.
 - Sección bilingüe (de primeiro a cuarto)
 - Proxecto de fomento do galego.
 - PFPP: Programación LOMCE
 - Plan Proxecta
- **C.E.I.P. da Castellana:**
 - 2 unidades de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria
 - PT a tempo completo, Orientador e AL compartido

1.2 Xustificación da necesidade do proxecto na vida dos centros:

A etapa de Educación Infantil en moitos centros identifícase con traballo por proxectos, por empregar na súa organización agrupamentos variados, ofrecer actividades de pequeno grupo ou gran grupo ademais das individuais... é dicir una metodoloxía vinculada coa interacción, o interese do alumnado e o respecto polo seu propio desenvolvemento. A pertinencia deste seminario radica neste punto, en darlle visibilidade a una metodoloxía avalada pola lexislación vixente e que permite que nenos e nenas constrúan o seu propio aprendizaxe.

A medida que adquirimos experiencia decatámonos da existencia e persistencia por parte de moito profesorado de tarefas repetitivas e monótonas que ningún sentido teñen para o noso alumnado. Crear, elaborar, compartir, interactuar son o eixo da metodoloxía soñada por nós, e que pouco a pouco imos introducindo na aula en parte pola nosa participación neste seminario.

Nós creemos no cambio, nun enfoque distinto, que sería necesario en todas as etapas educativas, por iso este seminario ten sentido. Un pequeno gran de área nas nosas escolas, que esperamos pouco a pouco se afiance no noso día a día a través da realización de tarefas como as que reflectimos nesta memoria.

2.Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial

Un dos cambios fundamentais este curso respecto ao anterior foi o cambio de poñente. Este ano foi Javier F. Rouco, quen ademais de introducirmos no mundo do cómic explicounos o traballo de filosofía para nenos e nenas. Este aspecto non estaba incluído no proxecto inicial pero ten bastante relación coa metodoloxía empregada e polo tanto ven a reforzar aspectos do enfoque co que queremos abordar o aprendizaxe nas nosas aulas.

Polo demais abordamos todos os obxectivos propostos inda que igual non afondamos do mesmo xeito en todos. Como outros anos os temas a debater e tratar son moi densos e non da tempo a abordalos todos outorgándolle o tempo necesario.

Sobre o traballo cooperativo houbo unha toma de contacto pero non se chegou a abordar en todas as aulas participantes.

O importante é reflexionar sobre os aspectos nos que non afondamos o suficiente para que sirvan de punto de partida para o seminario do vindeiro curso e ir completando así a nosa formación no campo do ensino aprendizaxe da lectoescritura

1. Consecución dos obxectivos:

• 3.1 Obxectivos propostos:

- Reflexionar sobre a lectura e a escritura e os seus procesos
- Fomentar o desenvolvemento de actividades con distintas tipoloxías textuais: recoñecemento, identificación, recreación e creación.
- Introducir actividades con distintos tipos de grafías e reflexionar sobre a súa importancia no proceso lectoescritor.

- Debatir sobre a introdución ou non da minúscula nas actividades de lectoescritura: importancia, incidencia no aprendizaxe, repercusión de cara ao paso a primaria.
- Desenvolver actividades onde nenos e nenas, de etapas evolutivas distintas da escritura interactúen en prol de un aprendizaxe enriquecedor e cooperativo.
- Coñecer e aplicar dinámicas de aprendizaxe cooperativo na aprendizaxe da lectura e escritura.
- Contribuír á mellora da competencia lingüística fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar

3.2 Obxectivos acadados ao final do proceso:

- Reflexionar sobre a lectura e a escritura e os seus procesos
- Fomentar o desenvolvemento de actividades con distintas tipoloxías textuais: recoñecemento, identificación, recreación e creación.
- Desenvolver actividades onde nenos e nenas, de etapas evolutivas distintas da escritura interactúen en prol de un aprendizaxe enriquecedor e cooperativo.
- Coñecer e aplicar dinámicas de aprendizaxe cooperativo na aprendizaxe da lectura e escritura.
- Contribuír á mellora da competencia lingüística fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

3.3 Obxectivos non acadados ao final do proceso:

Nun principio plantexamos diversos obxectivos pero a medida que avanza o curso outras actividades dos propios centros dificultan o desenvolvemento de todos eles.

Estes son os dous obxectivos que consideramos non acadados no desenvolvemento do grupo de traballo e que no caso de continuar serán o punto de partida do vindeiro curso:

- Debatir sobre a introdución ou non da minúscula nas actividades de lectoescritura: importancia, incidencia no aprendizaxe, repercusión de cara ao paso a primaria.
- Introducir actividades con distintos tipos de grafías e reflexionar sobre a súa importancia no proceso lectoescritor.

4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas:

A duración escollida para o Grupo de Traballo foi de trinta horas, así que dividimos en 6 sesións de debate de tres horas cada unha, 2 sesións co ponente Javier Francisco Rouco Saavedra de tres horas cada unha e 6 horas de traballo individual que cada compoñente do grupo aplicou nas aulas.

As reunións efectuáronse ó longo do 1º, 2º e 3º trimestre cunha periodicidade mensual aproximadamente.

Ó longo das distintas sesións traballamos os seguintes contidos:

- O proceso escritor:
 - Etapas evolutivas da escritura
 - Transición dunha etapa á outra
- O proceso lector.
- Tipoloxías textuais: textos informativos, enumerativos, prescriptivos, expositivos e literarios.
- A grafía.
- O mestre no proceso lectoescritor: funcións e intervención
- A competencia lingüística:
 - Competencia lectora.
 - Competencia para falar y escoitar.
 - Competencia en composición de textos.
 - Competencia plurilingüe e pluricultural

Para poder traballar estes contidos utilizamos a seguinte metodoloxía:

- Investigación na rede: blogues e actividades.

- Lectura e reflexión sobre diferente material bibliográfico.
- Faladoiros para compartir coñecementos e experiencias.
- Desenvolvemento e avaliación de actividades na aula.
- Ponencias
- Análise e posta en común das nosas experiencias:
 - ✓ Aspectos a mellorar
 - ✓ Dificultades atopadas
 - ✓ Modificacións realizadas

Ó pertencer a colexios distintos o desenvolvemento das actividades propostas realizouse de xeito independente nos centros e aulas nas que as mestras integrantes do grupo impartimos docencia.

ACTIVIDADES REALIZADAS CO ALUMNADO

EVOLUCIÓN E AVALIACIÓN DA LECTOESCRITURA

CONTEXTUALIZACIÓN

A actividade levouse a cabo no **C.E.I.P. Ponte de Xuvia**, ao longo do 2º ciclo de educación infantil nos cursos 2012/2013, 2013/2014 e 2014/2015. No primeiro curso non foi sistemático pero a partir de 5º de educación infantil dita avaliación realizouse nos tres trimestres.

OBXECTIVOS

- Identificar a etapa evolutiva dentro da lectoescritura na que se atopa o alumnado.

- Avaliar e valorar a evolución na escritura do alumnado.

ACTIVIDADES


A actividade consiste en escribir cinco palabras, sempre as mesmas ao longo do curso en distintos momentos (un monosílabo, e catro palabras sinxelas sen trabadas de dous a catro sílabas). Como indiquei na contextualización no 4º curso de educación infantil so realicei a actividade unha vez. O motivo por unha banda foi que inda estabamos no inicio neste grupo de traballo e por outra que o resultado polo meu descoñecemento non foi o esperado, así que non o fixen máis veces.

No curso 2013/2014, cos coñecementos acadados no desenvolvemento do grupo de traballo no curso anterior, xa fun quen de decatarme da importancia de realizar esta actividade de xeito sistemático para así apreciar a evolución do alumnado, independentemente do resultado.


Agora finalizando curso, grupo de traballo e ciclo podo apreciar como titora a evolución do meu alumnado e comprobar con agrado que foi moi boa. Máis da metade da clase atópase na etapa alfabética independentemente do mes de nacemento. O resto do alumnado atópanse na silábico-alfabética ou silábica, agás algúns casos nos que ademais da propio desenvolvemento dos pequenos conflúen outros factores (motivación, interese, falta de madurez...).

A continuación inclúo fotos da evolución de varios dos nenos e nenas da clase con idades diferentes no que aos meses respecta.


NENA NACIDA NO MES DE XANEIRO DE 2009




DECEMBRO 2013



OUTUBRO 2014



XUÑO 2014




MAIO 2015


NENO NACIDO EN XULLO DE 2009




DECEMBRO 2013



OUTUBRO 2014



XUÑO 2014




MAIO 2015


NENA NACIDA EN NOVIEMBRE DE 2009



DECEMBRO 2013



OUTUBRO 2014



XUÑO 2014



MAIO 2015

VALORACIÓN

Moi boa. Penso que o interesante e facelo ao longo de todo curso ou se é posible como no meu caso, facelo ao longo do ciclo. Ademais de ver os resultados serve tamén para amosar ás familias a evolución dos seus fillos e fillas e nalgún caso quedan asombrados coa evolución dos mesmos.

A actividade podería ser moito máis complexa en si, sería a base para realizar unha serie de actividades en parellas ou pequeno grupo no que interactúen nenos e nenas que se atopen en etapas diferentes e así uns poidan axudar e enriquecerse do que saben uns e outros. En certo modo é un xeito de que por medio da interacción colaboren na evolución dos seus compañeiros/as.

Por outra banda aos pequenos resultoulles divertido ver como escribían cando tiñan 3 anos e como escriben agora, moitos deles sendo conscientes de que as súas producións agora son “completas”, é dicir que se atopan na etapa alfabética.

Podemos dicir que a actividade está incompleta pero en si resultou interesante tanto para o alumnado como profesorado e familias. En sucesivos cursos haberá que afondar neste sentido e incorporar actividades onde interactúen nenos e nenas que estean en diferentes etapas na evolución da escritura.

POEMAS DE OUTONO

CONTEXTUALIZACIÓN

A actividade levouse a cabo no **C.E.I.P. Ponte de Xuvia**, na clase de 5 anos ao longo do curso 2014/2015 comezando no mes de outubro.

O equipo de biblioteca do centro propuxo realizar un **mural con poemas de outono**, ben inventados ou copiados. Na clase optamos pola primeira opción, creando os nosos propios poemas. Por unha banda deste xeito abandonariamos unha actividade que faciamos ata o de agora de memorizar un poema durante un tempo determinado e cambiaríamos unha **actividade de memorización e repetición** por unha de **creación**, en consonancia co que neste grupo de traballo estamos a aprender.


OBXECTIVOS

- Fomentar o gusto pola poesía na aula a través da lectura diaria de poemas.
- Coñecer aspectos e características da poesía: rima, ritmo, verbas apropiadas...
- Atopar recursos para crear poemas: repetición, modificación de poemas coñecidos....

ACTIVIDADES

Iniciamos esta actividade incorporando ás nosas rutinas diarias a **lectura de poemas** diversos. Escollín na biblioteca da escola varios libros de **Antón Cortizas**, que nos visitara o curso pasado, e **Antonio García Teijeiro**. Cada día o encargado/a escollía un deles e buscamos un poema para ler. Estes libros íámolos cambiando de cando en vez. O alumnado estivo moi motivado desde o inicio da actividade, inda que os poemas non eran alleos á nosa practica diaria xa que o curso pasado leramos bastantes.

Despois fixemos un **listado de palabras de outono** para ter unha base para comezar a facer os nosos poemas. A consigna para facela foi palabras que tiveran relación con esta estación.



Unha vez que tivemos a lista comezamos nas rutinas a compoñer **frases que rimasen cos nosos propios nomes**. Deste xeito traballamos a musicalidade e sonoridade das palabras para acadar un resultado similar a un pareado.

Días despois retomamos a lista de palabras para **elaborar frases** coas mesmas. Que sucedeu? O concepto frase é complexo para eles e faltaba traballar as palabras como nomes, adxectivos e verbos para poder crear frases con sentido e que tivesen un toque poético. Vendo a dificultade engadida que xurdeu e non querendo intervir demasiado na elaboración dos poemas como titora decidín ofrecerlles unha estratexia: **partir dun poema coñecido**.

Escollín este poema popular que aprendemos no curso de 3 anos:


*A miña María, o meu Manoel,
castañas asadas, pucheiros de mel,
pucheiros de mel, pucheiros de mel;
a miña María, o meu Manoel.*

A repetición da palabra “pucheiros” deunos unha clave para elaborar o noso primeiro poema. **Escollemos** entón **unha palabra** da nosa lista: **cabaza**. A partir de aí foi moito mais sinxelo. Fomos engadindo adxectivos a esta palabra e anotándoos no encerado. Unha ver que tiñamos catro versos ordenámoslos ata que atopamos un resultado que nos gustase. O resultado fo este:



***Cabaza amiga,
cabaza asada,
cabaza namorada,
cabaza casada.***

Na segunda poesía empregamos un recurso distinto: o libro-poema “Lúa” da editorial Kalandraka. Ao non telo na nosa biblioteca empregamos un video da internet onde se reproduce na súa totalidade e despois ten unha opción na que hai que completar as palabras que faltan.



<https://www.youtube.com/watch?v=EAKQe0HBqU4>

Neste caso a repetición segue a ser un recurso fundamental. O poema orixinal comeza así:

Lúa, lúa, lúa,

Lúa, lúa, sol

Lúa, lúa, lúa,

Lúa, caracol.

Nós **escollemos da nosa lista unha palabra** que quixésemos substituír pola de “Lúa” e escollemos **“Mazá”**. Repetimos a mesma estrutura que a orixinal modificando unhas palabras por outras. Esta foi a nosa segundo poema:



Mazá, mazá, mazá,
Mazá, mazá, carballo;
Mazá, mazá, mazá,
Mazá, mazá, coello.

Para confeccionar o terceiro poema xa tiñamos experiencia e foi máis doado crear frases entre todos que escribimos no encerado e fomos combinando ata que demos co resultado que nos pareceu máis axeitado.



O cogumelo ten un corazón

A árbore cáenlle as follas

A águia come un ratón

As flores amarelas medran.

VALORACIÓN

Moi positiva. O interese polos poemas e a poesía en xeral aumentou considerablemente e moitos nenos e nenas no empréstimo semanal da biblioteca querían levar os libros que empregamos para ler diariamente durante este trimestre.

Ademais ao falar buscaban a sonoridade e rima das palabras e moitas veces comentaban “fixen unha poesía” ou “iso rima”.

No que se refire ao resultado dos poemas como tal penso que quedaron bastante ben, despois memorizámolas non sendo moi difícil xa que as creáramos nós mesmos co que o compoñente afectivo ten un peso maior e é unha motivación engadida para aprendelos e repetilos.

Despois escribimos os poemas e colocámoslos no mural polo que tiveron unha finalidade: a lectura por parte dos demais compañeiros e compañeiras da escola.

Por outra banda despois de realizar esta actividade limos no grupo de traballo “*Leer y escribir con sentido*” e nel hai unha experiencia con poesía, con nenos/as máis pequenos, no que se realizaban actividades similares ás que fixemos nos. Resultou por unha banda curioso e por outra interesante e satisfactorio comprobar que o camiño empregado era unha opción axeitada.

“IDENTIFICAMOS E ESCRIBIMOS O NOSO NOME”

CONTEXTUALIZACIÓN

Esta actividade realizouse en dúas clases de 3 anos de 25 alumnos/as cada unha, durante todo o curso, no CEIP A Solaina.

OBXECTIVOS


- Recoñecer o seu nome
- Identificar as letras que compoñen o seu nome
- Ordear as letras do seu nome
- Escribir o seu nome

ACTIVIDADE

Durante o primeiro trimestre, ó mesmo tempo que nos iniciábamos na rutina da asemblea, aproveitamos as funcións do encargado/a para centrarnos no seu nome, pasar lista a partir de tarxetas con foto e nome, e tamén a comezar a escribir o seu nome libremente e a compoñelo con letras móbiles. Coa axuda de todos, volvíamolo a escribir e comprobábamos se faltaba algunha letra, se a orde fora a correcta, vemos como se escribe cada letra, a direccionalidade das mesmas.... Ás veces xogamos a comprobar como soaría o nome se cambiáramos unha letra por outra. Contamos as letras, as sílabas, vemos se o nome é longo ou curto comparado cos dos compañeiros,....



Durante o segundo e terceiro trimestre fixemos unha serie de fichas nas que traballábamos máis especificamente o seu nome a través da observación, manipulación e da análise como se pode apreciar nas seguintes imaxes:



VALORACIÓN

A realidade é que calquera actividade que realicemos ó redor dos seus nomes, acostuma a resultarlles moi motivador por sentírense verdadeiros protagonistas. A partir desta premisa os traballos desenvoltoos resultaron satisfactorios tanto para eles como para acadar os obxectivos.

“O LIBRO DOS MEUS COMPAÑEIRO”

CONTEXTUALIZACIÓN

A actividade realizouse en dúas aulas de 25 nenos e nenas de 3 anos durante o segundo e terceiro trimestre, do CEIP A Solaina.



OBXECTIVOS

- Recoñecer o nome dos compañeiros/as
- Comparar os nomes
- Analizar as leras que compoñen os nomes
- Manipular os nomes dos compañeiros/as

ACTIVIDADE

A partir do segundo trimestre, ampliamos o traballo do nome propio a o dos compañeiros. Se fixeron xogos de buscar determinado nome dentro dun feixe deles, ou no listado de encargados, coller o nome dos compañeiros da mesa, pasábase lista sen o apoio da foto, ...

Confeccionouse en cada aula un libro que cada día o encargado levaba para casa. Éste consistía en 25 follas Din A4 plastificadas onde cada unha delas estaba adicada á foto dun compañeiro/a, co seu nome escrito debaixo, e cun recadro con velcro no que tiñan que ir colocando a tarxeta co nome correspondente (tarxetas recollidas nun sobre ó final do libro). Posteriormente, o libro foi guillotinado entre as fotos e os nomes, para que deixaran de ter o modelo e souberan por eles mesmo posicionar axeitadamente a foto co seu nome.



Unha copia deste libro pasou a formar parte da biblioteca de aula para que se puidese aproveitar no momento dos rincóns e xogar con el libremente, de xeito individual e grupal.



VALORACIÓN

A actividade resultou moi motivadora, especialmente ó levar para casa un material da aula e relativo a sí mesmos e ós seus compañeiros/as. Cabe dicir, que previamente durante algúns días xogamos xuntos na assemblea con este libro para que os pequenos trasladaran ás súas casas as posibilidades de xogo e aprendizaxe con él. A día de hoxe non todos son capaces de identificar a totalidade dos nomes, pero na súa maioría sí que identifican os do seu mesmo equipo así como os dos seus “amigos”.

“ETAPA DA ESCRITURA DOS NENOS E NENAS”

CONTEXTUALIZACIÓN

A actividade realizouse con 25 nenos e nenas de 3 anos a finais do mes de Maio, do CEIP A Solaina.

OBXECTIVOS

-Identificar o nivel evolutivo da escritura na que se atopa o alumnado

ACTIVIDADE

Aproveitando que no último trimestre estamos elaborando un proxecto baseado no mundo animal, de xeito individual os nenos/as escriben o nome correspondente a dous animais sitos neste contexto (cerdo, pollo/pollito).



VALORACIÓN

A realización desta actividade non foi satisfactoria con todo o alumnado dado que moitos deles aínda lles custa interiorizar para eles mesmos a sonoridade

da palabra, polo que se non era a mestra quen a pronunciaba, se bloqueaban e dicían que non sabían. Tras botarlles unha man coa pronunciación oral, desapareceron todos os reparos para escribir, e aínda que a gran maioría deles se atopan nunha etapa pre-silábica, algúns poderíase afirmar que se ubican na etapa silábica dado que escribían unha letra por cada sílaba e ademais se correspondía coa sonoridade da palabra.

ESCRITURA DO NOME Ó LONGO DO CURSO







CONTEXTUALIZACIÓN:

A actividade desenvolveuse ao longo de todo o curso escolar, con 10 alumnos de 3 anos, no “CEIP A CASTELLANA”

Comezamos no 1º trimestre compoñendo con letras móbiles o nome do encargado, cada neno vai deletreando o nome e contando o seu numero de letras.


OBXECTIVOS:

- Recoñecer o nome propio.
- Identificar as letras do nome propio.
- Progresar no trazo das grafías



ACTIVIDADE

Esta actividade alevamos a cabo na primeira quincena do mes, así durante todo o curso, co fin de avaliar os coñecementos previos, e ver a evolución ao longo do curso escolar. Taballamos ademáis nas rutinas diarias actividades de identificación, comparación con outros nomes; clasificamos se son longos ou curtos, os componemos con letras móbiles, e contamos as letras.



VALORACIÓN

O feito de traballar a diario o seu nome, de búscalo entre outros nomes, de compoñelo con letras móbiles, vailles permitir coñecer as grafías do propio nome así como dos/das demais. Todas estas actividades resultan moi motivadoras, xa que ademáis de componden o nome do encargado, no 2º trimestre iniciámonos na composición do nome doutro compañeiro/a.

TRABALLAMOS O CONTO

CONTEXTUALIZACIÓN

Esta actividade levouse a cabo no CEIP A CASTELLANA (Aranga), con todo o grupo de infantil, na aula de 3ª anos, e na aula de 4-5 anos.

OBXECTIVOS

- Iniciarse na utilización de recursos e fontes de información escritas.
- escoitar e comprender textos orais.
- Traballar de maneira cooperativa.
- Valorar a linguaxe escrita e oral como medio de comunicación e disfrute.

1º Lemos o conto, (en 3 anos – Elmer;)


2º Fixámonos no título, autor e editorial.

3º Buscamos de entre varios o nome do protagonista do conto.

4º Compuxemos con letras móbiles os nomes das personaxes dos contos.

5º Debuxamos un Elmer xigante, o pintamos e compuxemos as letras, co apoio da tarxeta do nome.





Co grupo de 4-5 anos, lemos o conto da Ratiña fachendosa

1º Lemos o conto.

2º Fixámonos no título, autor e editorial.

3º Debuxamos ao protagonista do conto.

4º Escribimos coa estrutura cooperativa do “Folio Xiratorio” os nomes das personaxes do conto, cos nenos de 4 anos.

5º Coa estrutura cooperativa de “Lápices ao Centro” fixemos a mesma actividade os nenos 5 anos.





VALORACIÓN

Nos dous grupos a valoración foi moi positiva, forón quen de facelo de maneira autónoma.

O NOME DOS ALIMENTOS

CONTEXTUALIZACIÓN

A actividade levouse a cabo nun aula de 25 nenos e nenas de 3 anos no CEIP A Solaina.

OBXECTIVOS

- Identificar a etapa da escritura na que se atopan os alumnos e alumnas
- Mellorar a grafía das letras


ACTIVIDADE

No segundo trimestre traballamos as tendas e alimentos a raíz dunha visita a un supermercado. Aproveitouse o tema para xogar cos nomes dos alimentos:


- escritura libre dos mesmos(tanto de xeito individual como por parellas)



- composición coas letras móbiles



- buscar entre varios nomes o de determinado alimento.



VALORACIÓN

A actividade resultou positiva e motivadora para os nenos. En termos xerais as actividades que facemos relativas á lectoescritura atraeos moito, aínda que algúns se sinten moi inseguros e bloqueados.

RECOÑECEMENTO DE PERSONAXES E SÍMBOLOS DOS CÓMIC.

CONTEXTUALIZACIÓN

Esta actividade desenvolveuse na aula de 4 anos A do C.E.I.P. A Solaina ao longo do terceiro trimestre.

OBXECTIVOS

- Distinguir a estrutura dun cómic (viñetas, bocadillos)
- Recoñecer os nomes dalgunhas personaxes de cómic.
- Recoñecer outro tipo de grafías e significado dalgúns símbolos gráficos.

DESENVOLVEMENTO

A actividade iniceina unha vez que solicitei a colaboración das familias para que trouxeran de casa todo tipo de cómics e a presentación dos mesmos por parte do alumnado na assemblea. Deste xeito coñecemos algunhas das personaxes do mesmo e fixámonos na estrutura do comic. Os nenos e nenas de seguido déronse conta de que nos cómics hai “cuadrados” (viñetas) e “globitos” (bocadillos)




Xa de xeito individual e tamén por parellas realizamos diferentes actividades:



1º) Recoñecer os títulos dalgúns cómic, relacionando título coas personaxes.






2º) Recoñecer grafías e símbolos do cómic.



3º) Escribir os nomes dalgúns personaxes con letras móbiles.



4º) Buscar os nomes dalgunhas personaxes nunha sopa de letras.



VALORACIÓN

Foi unha actividade positiva, posto que os nenos e nenas foron tomando conciencia da existencia doutro tipos de textos coma é o cómic. Distinguiron algúns nomes das personaxes, recoñecen a estrutura do cómic e algún dos símbolos. Ademáis serviu para detectar en que fase da lectoescritura se atopan. A maioría están na silábica con correspondencia sonora, aínda que a algúns aínda lle costa e necesitan axuda.

5. Criterios e procesos de avaliación empregados.

Característica	Indicador	Criterio de eficacia	Instrumento de recollida de información	Resultado da Avaliación
Análise e valoración das produccions do grupo	Satisfacción amosada polos membros do grupo	O 90% do grupo está satisfeito coas actividades deseñadas	Enquisa e Memoria final do grupo	O 90% do grupo quedou satisfeito co traballo realizado ao longo das diferentes sesión.
Aplicación e repercusión na práctica educativa	Implementación de actividades no aula	Unha actividade trimestral cada membro do grupo	Memoria do grupo	Practicamente a totalidade dos membros do grupo puxo en práctica o traballado, realizando polo menos unha actividade trimestral.
Metodoloxía empregada	Satisfacción coa combinación de traballo individual e grupal	Respeto da proporción de traballo individual e grupal prevista	Memoria de fin de curso. Actas de reunión.	Todos os membros do grupo respetaron as reunións programadas e o traballo marcado .
Grao de satisfacción co traballo realizado	Satisfacción mostrada polos membros do equipo	60% do equipo expresa o desexo de continuar	Enquisa final da actividade	O 100% dos membros considera moi positivo o grupo de traballo ,pero so o 66% ten claro que quere continuar participando nel.
Organización dos recursos humanos e	Plan de reunión e docencias	O 90 % das reunión e docencias	Memoria final. Actas de reunión	O 30% das reunión celebráronse nas datas que

materiais		celebráronse nas datas previstas		previamente se habían marcado.
Logros e incidencias do proxecto	Logro dos obxectivos propostos	O 60% dos participantes consideran que melloraron a súa práctica educativa	Enquisa final	Todos os membros do grupo cambiaron dun xeito u outro a súa práctica educativa a raíz do traballado nas reunións e ponencias. O 90% considera os cambios para millor.
Propostas de mellora	Realización de propostas de mellora	Proposta de continuar coa formación	Enquisa aos participantes	Propúxose a posibilidade de cambiar de temática de grupo de cara ao curso que ven,ou ben continuar un ano máis coa lectoescritura. Reclámase a necesidade de orientación dende o CFR

A continuación se recolle a enquisa pasada aos membros do grupo para obter información sobre a avaliación.

ENQUISTA DO GT "O PROCESO LECTOESCRITOR"

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓNS DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións					
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudoume para deseñar /poñer en práctica actividades					
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.					

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo					
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal					
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo					

LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais					
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada					
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesións e ponencias do grupo de traballo					
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo					

2. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustárame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura					
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire					
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula					

OBSERVACIÓNS:

6. Logros e incidencia na práctica educativa

a. Finalidade conseguida

Consideramos que este proxectos axudounos a:

- Acceder e afondar en bibliografía que serve de base teórico-práctica para a realización de debates e reflexións; así como para programar actividades relacionadas coa lectoescritura.
- Continuar realizando actividades que fomenten o desenvolvemento da lectoescritura no alumnado respectando a súa evolución.
- Debatir sobre a realidade das nosas aulas, identificando os elementos que posibilitan a realización de actividades de lectoescritura desde unha perspectiva constructivista.
- Visibilizar nos nosos centros as nosas actividades, ben a través da exposición de traballos, con publicacións nas diferentes webs das escolas e, do mesmo xeito, facer conecedoras ás familias da nosa metodoloxía e dos seus beneficios para o aprendizaxe dos nenos/as.
- Iniciarnos no coñecemento da filosofía para nenos/as a través da ponencia de Javier F. Rouco e no aprendizaxe cooperativo a través de lecturas e experiencias realizadas por integrantes do grupo de traballo.

b. Incidencia do proxecto na actividade dos centros ou da aula durante o seu desenvolvemento

A participación neste proxecto polo de agora está a repercutir máis directamente no noso traballo diario na aula que na vida do centro. Cada participante dentro das súas posibilidades desenvolve actividades propostas no grupo, ben polos ponentes, ben polas mesmas compañeiras que o integran; e deste xeito podemos, na diferentes sesións, debatir sobre a pertinencia ou non da realización das mesmas, dúbidas ou inseguridades que en ocasións poden xurdir.

Non é un camiño sinxelo deixar de lado unha metodoloxía tradicional que pode estar arraigada na escola ou subliminalmente na nosa práctica educativa habitual.

O importante é acadar unha base teórica que sirva para abalar e defender á nosa proposta ante as dúbidas que poidan xurdir desde calquera ámbito da comunidade educativa: profesorado, familias...

As actividades desenvolvidas en maior medida estiveron ligadas a avaliación da lectoescritura e os textos literarios, en concreto os contos; inda que neste curso houbo unha toma de contacto con outros tipos de texto, o cómic e a poesía; así como o desenvolvemento de actividades ligadas ao aprendizaxe cooperativo.

7. BIBLIOGRAFÍA:

- Varios (1996): Leer y escribir con sentido. Ed. Aprendizaje Visor.
- Nemirovsky, M. (2001): Sobre la enseñanza del lenguaje escrito. Ed. Paidós.
- García Teijeiro, A. (2009): A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula. Ed. Galaxia

ARTIGOS

- Las interacciones son la clave para aprender a leer. Entrevista a Marta Soler. Aula de infantil, nº71, pp 35-39.

8. ANEXOS

RESULTADOS DAS ENQUISAS

ENQUIA DO GT “O PROCESO LECTOESCRITOR”

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo
---------------------------	-----------------	----------------------------------	--------------	------------------------

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓN DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións				+	
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudoume para deseñar /poñer en práctica actividades				+	
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.				+	

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo				+	
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					+
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal					+
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo					+

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais				+	
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada					+
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo				+	
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo				+	

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura					+
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire					+
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula					+

OBSERVACIÓNS:

A nivel persoal, penso que deberíamos incidir máis na bibliografía, que nos axude no traballo diario. Penso que facemos pouca lectura, e que iso fai que esteamos un pouco estancadas. Estaría ben que alguén nos orientara cales son os libros adecuados e que nos sirvan para o desenvolvemento das nosas actividades na aula.

ENQUISA DO GT "O PROCESO LECTOESCRITOR"

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo
---------------------------	-----------------	----------------------------------	--------------	------------------------

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓNS DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións				X	
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudoume para deseñar /poñer en práctica actividades					X
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.				X	

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo				X	
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					X
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal				X	
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo					X

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais				X	
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada					X
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo					X
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo					X

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura					X
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire				X	
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula			X		

OBSERVACIÓNS:

A temática do grupo de traballo para min é moi interesante xa que permite afondar en aspectos sobre a lectoescritura fundamentais para mellorar unha práctica en estreita relación co constructivismo. Penso que o tema que abordamos no noso grupo implica apostar por un tipo de ensinanza máis ligada aos proxectos, secuencias didácticas ou experiencias deixando un pouco de lado outros enfoques máis tradicionais. Canto máis aportemos por este tipo de actividades máis enriquecedor será o grupo.

Entendo este grupo como un xeito de atopar apoio noutras compañeiras para comentar dúbidas e compartir propostas, así como ter ponentes de calidade que nos ofrezan perspectivas diferentes e recursos que poder levar á práctica.

Tamén hai que facer unha reflexión sobre o camiño que queremos seguir agora xa que igual estamos nun punto no que non avanzamos do mesmo xeito que os outros dous anos. Quizáis comezamos con moita ilusión e é lóxico que ás veces o interese diminúa.

Para min segue a ser o tema máis importante dentro da miña formación, pero admito que poder ser bo para o grupo un cambio na mesma e xa houbo propostas neste sentido.

Pola miña banda estou satisfeita coa miña participación no grupo inda que podería ter feito máis cousas...queda moito camiño por andar, e espero que poda ser dentro deste grupo coas miñas compañeiras.

ENQUISA DO GT "O PROCESO LECTOESCRITOR"

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo
----------------------------------	------------------------	---	---------------------	-------------------------------

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓNS DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións			X		
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudome para deseñar /poñer en práctica actividades				X	
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.				X	

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo				X	
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					X
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal					X
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo					X

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais				X	
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada				X	
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo				X	
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo				X	

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura					X
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire					X
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula					X

OBSERVACIÓNS:

--

ENQUISA DO GT "O PROCESO LECTOESCRITOR"

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓN DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións			X		
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudome para deseñar /poñer en práctica actividades					X
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.					X

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo		X			
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					X
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal					X
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo				X	

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais				X	
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada					X
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo				X	
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo				X	

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura				X	
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire					X
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula					X

OBSERVACIÓNS:

Considero que de cara ao próximo ano necesitaríamos algo máis de asesoramento dende o CFR, tanto no que respecta aos poñentes como a suxerencia de lecturas recomendadas, ...

ENQUISA DO GT “O PROCESO LECTOESCRITOR”

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓNS DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións					X
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudome para deseñar /poñer en práctica actividades					X
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.					X

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo			X		
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual					X
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal					X
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo			X		

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais					X
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada					X
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo				X	
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo					X

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura				X	
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire					X
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula			X		

OBSERVACIÓNS:

--

ENQUISA DO GT "O PROCESO LECTOESCRITOR"

Puntúa os seguintes aspectos tendo en conta os valores da seguinte táboa:

1-Totalmente en desacordo	2- En desacordo	3-Nin de acordo nin en desacordo	4- De acordo	5-Totalmente de acordo

1. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓN DO GRUPO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coas miñas producións			X		
b)	O intercambio de información /actividades coas compañeiras axudome para deseñar /poñer en práctica actividades				X	
c)	En liñas xerais as producións do grupo foron axeitadas e enriquecedoras.				X	

2. GRAO DE SATISFACCIÓN DO TRABALLO REALIZADO

		1	2	3	4	5
a)	Estou satisfeita coa miña participación no grupo de traballo		X			
b)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel individual				X	
c)	A interacción e comunicación no grupo de traballo foi enriquecedora a nivel grupal				X	
d)	O vindeiro curso gustaríame continuar participando no grupo de traballo			X		

3. LOGROS E INCIDENCIAS DO PROXECTO

		1	2	3	4	5
a)	Considero que se acadaron gran parte dos obxectivos iniciais				X	
b)	O alumnado está motivado coas actividades propostas no grupo de traballo e presenta unha evolución axeitada				X	
c)	Na miña práctica educativa houbo unha incidencia notable a partir do aprendido nas sesión e ponencias do grupo de traballo			X		
d)	Os meus coñecementos sobre o desenvolvemento lectoescritor mellorou substancialmente coa participación no grupo de traballo			X		

4. PROPOSTAS DE MELLORA

		1	2	3	4	5
a)	Gustaríame coñecer outro tipo de actividades relacionadas coa lectoescritura				X	
b)	Variaría/aumentaría os poñentes para ter novas referencias doutros enfoques no que a lectoescritura se refire				X	
c)	Incluiría nocións de aprendizaxe cooperativo para mellorar a incidencia do traballo en equipo na miña aula				X	

OBSERVACIÓNS:

A experiencia con este grupo de compañeiras é totalmente satisfactorio xa que se implican, por completo, na aprendizaxe de novos enfoques de lectoescritura.

Este ano gustoume o poñente proposto xa que nos propuxo novas actividades para desenvolver na aula relacionadas co pensamento e tamén porque serviu para aprender como ensinar novas actividades de lectoescritura a través doutro tipo de textos como é o cómic.